



O Practicum como achegamento ao mercado laboral en educación social

Practicum as an approach to the labor market in social education

María del Rosario Castro González*, Beatriz García Antelo*, Isabel González Gómez**

*Universidade de Santiago de Compostela, **CIFP A Xunqueira, Pontevedra

Resumen

As materias de Practicum nos estudos de Grao de Educación Social supoñen unha introdución do alumnado ao mundo laboral, convertendo este período de prácticas nun dos momentos máis agardados polos/as estudantes na súa formación. O obxectivo principal deste traballo é coñecer a valoración do alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela sobre o proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias profesionais durante o desenvolvemento da súa estadía de prácticas, tanto en relación ao Practicum I (3º curso) como ao Practicum II (4º curso). Metodoloxicamente, procedeuse á realización dun estudo descritivo, facendo uso dun cuestionario elaborado ad-hoc.

Palabras clave: Practicum, grao, competencias profesionais, educación social.

Abstract

The subject of Practicum in the studies of Grao of Social Education constitutes an introduction of the students to the professional world, turning this period of practices into one of the most expected moments for the students in their learning. The main objective of this paper is to know the assessment of students of Social Education of the University of Santiago de Compostela (USC) on the learning process and the acquisition of professional skills during the development of their internship, both in Practicum I (3rd year) and in Practicum II (4th year). Methodologically, a descriptive study was carried out, using an elaborate ad-hoc questionnaire.

Keywords: Practicum, degree, professional competences, social education.

Introdución

A materia de Practicum posibilita ao alumnado do Grao en Educación Social coñecer o rol profesional en contextos específicos de intervención socioeducativa, así como facilitar a súa participación activa en realidades sociais e institucionais diversas a través do traballo directo con persoas e colectivos. O obxectivo é que as alumnas e os alumnos desenvolvan competencias relativas á observación e análise da realidade profesional, ao deseño de procesos de intervención e ao desenvolvemento e avaliación dos mesmos. Favorece, polo tanto, o compoñente práctico da titulación e a interacción permanente coa teoría, contribuíndo así a desenvolver unha actuación profesional axustada ás problemáticas e contextos do ámbito educativo-social.

Para Tejada (2005), o Practicum convértese nunha ponte que conecta o mundo formativo e o laboral.

Ademais, o alumnado durante este período comparte en moitos casos experiencias e espazos con outros/as profesionais, o que contribúe á delimitación do seu perfil profesional e a adoptar un rol de traballo colaborativo e complementario con outras disciplinas.

Son numerosos os autores/as que se aproximaron ao papel que desempeña o Practicum no Ensino Superior, entendéndoo maioritariamente como unha excelente oportunidade para a aprendizaxe do alumnado e a adquisición das competencias propias da titulación (Bas, 2005; González e Fuentes, 2011; Zabalza, 2011; Pereira e Solé, 2013; Serrano, 2017).

Do mesmo modo, outros traballos teñen profundado na realidade do Practicum nos estudos de Educación Social, sobre todo dende a valoración que realiza o propio alumnado a partir da súa experiencia (González, 2006; Morales, 2010, 2013; Pereira e Solé, 2013; García, González e Martín-Cuadrado, 2016; Ordeñana, Darretxe e Beloki, 2016).

O plan de estudos do Grao de Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela conta actualmente con dous períodos de Practicum: o Practicum I, con doce créditos ECTS, sitúase no 3º curso da titulación e o Practicum II, con dezaioito créditos ECTS, ubícase no 4º curso.

O seu desenvolvemento comporta en ambos casos diferentes momentos, que comezan cunha primeira fase preparatoria, que orienta ao alumnado sobre a experiencia de prácticas e as diferentes tarefas a desenvolver. A continuación, desenvólvese a fase de estadía na entidade ou escenario de prácticas baixo a supervisión directa do titor no centro e a coordinación co supervisor/a da Facultade. Finalmente, realízase un último momento de reflexión e revisión do proceso de aprendizaxe, que se materializa na elaboración dunha memoria final por parte do alumnado.

Obxectivos

Os obxectivos deste estudo céntranse en:

- Identificar os ámbitos con maior presenza de alumnado durante a estadía de Practicum do Grao en Educación Social da USC.
- Indagar na valoración do alumnado sobre o desenvolvemento do seu período de Practicum.

- Coñecer a percepción do alumnado en torno á contribución do Practicum para a adquisición das competencias establecidas no programa da materia.

Método

Para a consecución dos obxectivos citados, desenvolveuse un estudo de corte exploratorio e descritivo, facendo uso do cuestionario como instrumento de investigación, que foi elaborado ad-hoc.

Participantes

A mostra do estudo queda configurada por 60 estudantes de 4º curso do Grao en Educación Social da USC, seleccionados a través dunha mostraxe de tipo incidental, que realizaron no curso académico 2015-2016 o Practicum I e no curso 2016-2017 o Practicum II.

A distribución por sexo é que se presenta na figura 1, que amosa unha maioría de alumnas (86.9%) fronte a unha porcentaxe moito menor de alumnos (13.1%). A media de idade é de 23 anos.




Figura 1. Distribución do alumnado por sexo

Instrumento

O cuestionario está formado por un total de 11 preguntas de diferente tipoloxía: cuestións de resposta múltiple, ítems de construción tipo Likert con cinco alternativas de resposta (1-nada a 5-moito) e preguntas abertas. Estas distribúense en torno a tres bloques:

- Bloque 1. Datos persoais.
- Bloque 2. Datos descritivos do Practicum realizado.
- Bloque 3. Contribución do Practicum á adquisición de competencias.

No seu deseño tivéronse en consideración as recomendacións metodolóxicas ofrecidas por diferentes autores (Corbetta, 2007; Hernández, Fernández e Baptista, 2007).

A aplicación do instrumento realizouse de forma presencial na aula durante o curso 2016-2017. A análise de datos levouse a cabo a través do paquete estatístico SPSS para Windows.

Resultados

Do total de alumnado enquisado, a maioría realizou tanto o Practicum I como o Practicum II (figura 2).




Figura 2. Practicum realizado

Destes, menos da metade (41,5%) indica que realizou ambos Practicum na mesma institución, fronte ao 58,5% restante que optou por un cambio na estadia de prácticas do Practicum II respecto do I (figura 3).




Figura 3. Entidades na realización do Practicum

Respecto dos ámbitos nos que desenvolveron as súas prácticas, aproximadamente un terzo do alumnado indica que a entidade se vinculaba coa educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade, tanto no Practicum I (35,1%) como no Practicum II (31,6%). Outra das áreas que aglutina unha maior porcentaxe de estudantes durante o seu período de prácticas é a acción socioeducativa en infancia e xuventude. Pola contra, a educación do ocio, a animación e a xestión sociocultural xunto coa educación para a cidadanía e a cultura da sustentabilidade son ámbitos cunha menor presenza de alumnado (táboa 1).

Táboa 1. Ámbitos do Practicum

Ámbitos	Practicum I	Practicum II
Acción socioeducativa en infancia e xuventude	29.8%	33.3%
Acción socioeducativa con persoas adultas e maiores	14.0%	19.3%
Educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade	35.1%	31.6%
Educación en contextos familiares e procesos de desenvolvemento comunitario.	12.3%	10.5%
Educación do ocio, a animación e a xestión sociocultural.	1.8%	3.5%
Educación para a cidadanía e a cultura da sustentabilidade.	7.0%	1.8%

Tal e como está configurado o Practicum na Facultade de Ciencias da Educación da USC, o alumnado cumprimenta un formulario no que indica cales son as súas preferencias en canto a ámbitos e institucións. Ao respecto, a gran maioría dos/as estudantes participantes no estudo (86%) sinalan que puideron realizar a súa estadia de prácticas na entidade elixida como primeira opción (figura 4).




Figura 4. Opción de Practicum

Finalmente, preguntados/as pola duración de ambos Practicum (I e II), o 86,9% considera que estes deberían ter unha maior duración. Só o 13,1% opina que o tempo destinado ás prácticas é adecuado (táboa 2).

Táboa 2.
Valoración da duración dos Practicum

	Porcentaxe
Si, é adecuada	13.1%
Non, debería ter unha duración menor	0.0%
Non, debería ter unha duración maior	86.9%

Formuláronse tamén ao alumnado unha serie de cuestións vinculadas ao desenvolvemento do seu Practicum (táboa 3).

A primeira delas fai referencia á información recibida por parte da Facultade en torno aos obxectivos, contidos modalidades, etc., ao que o alumnado da unha valoración en xeral positiva, en tanto que o 70.5% sinala bastante ou moito.

Respecto do proceso de seguimento do seu Practicum, o alumnado amósase maioritariamente de acordo co feito de que tanto o/a supervisor/a da Facultade como o titor/a no centro de prácticas realizaron un seguimento periódico no desenvolvemento do período de prácticas. Ademais, os/as estudantes afirman case na súa totalidade (91.8%) ter asistido ás diferentes titorías e reunións convocadas polo supervisor/a da Universidade.

Finalmente, a gran maioría dos/as enquisados/as (86.9%) considera que teñen participado activamente nas actividades desenvolvidas durante a súa estadia de prácticas.

Táboa 3.
Valoración sobre o desenvolvemento do Practicum

Ítems	Nada/pouco	Regular	Bastante/moito
Antes de iniciar o Practicum o titor/a da Facultade informou sobre os obxectivos, contidos, modalidades, etc. do mesmo.	18.0%	11.5%	70.5%
O/A supervisor/a da Facultade realiza un seguimento periódico do desenvolvemento do Practicum.	19.7%	16.4%	63.9%
Asisto ás reunións convocadas polo/a titor/a para o seguimento do Practicum.	3.2%	4.9%	91.8%
O/A titor/a da institución realizou un seguimento diario do meu traballo.	23.0%	19.7%	55.7%
Na estadia de Practicum participei activamente nas actividades desenvolvidas.	3.3%	9.8%	86.9%

Para o alumnado, a contribución do Practicum ao seu proceso de aprendizaxe foi bastante (34.4%) ou moi importante (62.3%). Só o 1.6% sinala que ten sido pouco importante e o 1.6% amósase indiferente (figura 5).




Figura 5. Contribución do Practicum para o proceso de aprendizaxe

En efecto, en termos xerais, o alumnado valora moi positivamente a contribución do TFG para a adquisición de competencias esenciais na construción do perfil profesional propio do/a educador/a social (táboa 4).

Entre elas, os/as enquisados/as destacan que o período de prácticas contribuíu a desenvolver unha actitude de reflexión e análise respecto das accións desenvolvidas dende o centro de prácticas (4.45) e unha actitude favorable para adaptarse aos cambios derivados de situacións profesionais (4.44). Do mesmo modo, destacan a aprendizaxe que supón directamente o contacto cun contexto real de traballo, no traballo directo con persoas e colectivos (4.43), na promoción e desenvolvemento de accións nun contexto real de intervención (4.38), no desenvolvemento dunha actitude autocrítica e de reflexión respecto dos coñecementos adquiridos ao longo da titulación (4.30) e no traballo en equipo e en colaboración con outros/as profesionais (4.16).

Outro dos elementos que se solicitan ao alumnado na materia de Practicum é a elaboración dunha memoria que recolla os aspectos esenciais da súa aprendizaxe durante

este período, o cal tamén é moi valorado polo alumnado (4.25).

Por outra banda, entre as competencias que o alumnado sinala en menor medida, atópase a de avaliar programas, proxectos e actividades nun contexto real de intervención (3.08) e elaborar e interpretar informes técnicos (3.28).

Táboa 4.

Contribución do Practicum á adquisición das seguintes competencias (de 1-nada a 5-moito)

Competencias	Media	D. típica
Promover e desenvolver accións nun contexto real de intervención socioeducativa.	4.38	0.79
Desenvolver un traballo directo con persoas e colectivos.	4.43	0.90
Traballo en equipo e en colaboración con outros/as profesionais.	4.16	0.98
Implicación activa na resolución de problemas e a toma de decisións.	3.92	1.09
Desenvolver unha actitude autocrítica e de reflexión respecto dos coñecementos adquiridos ao longo da titulación.	4.30	0.94
Desenvolver unha actitude de reflexión e análise respecto das accións desenvolvidas dende o centro de prácticas.	4.45	0.74
Diferenciar o rol dos/as educadores/as respecto do labor realizado por outros/as profesionais da educación e acción social.	3.66	1.25
Deseñar e desenvolver programas, proxectos e actividades de intervención socioeducativa nun contexto real de intervención.	4.03	0.93
Avaliar programas, proxectos e actividades nun contexto real de intervención.	3.08	1.18
Elaborar e interpretar informes técnicos.	3.28	1.36
Desenvolver unha actitude favorable para adaptarse aos cambios derivados de situacións profesionais.	4.44	0.69
Elaborar e redactar diarios e memorias técnicas.	4.25	0.94

Finalmente, o alumnado enquisado valora ademais moi positivamente o conxunto do Practicum, de forma que o seu grado de satisfacción é alto (41.0%) ou moi alto (39.3%). Só o 16.4% sinala regular e o 3.3% baixo (figura 6).




Figura 6. Grao de satisfacción co período de Practicum

Discusión e conclusións

O Practicum configúrase no plan de estudos de Educación Social como un escenario indispensable no proceso de profesionalización dos/as educadores/as sociais. En efecto, contar con esta materia na formación inicial destes profesionais constitúe unha oportunidade excelente para establecer o necesario vínculo entre a formación académica e a súa proxección na práctica profesional nun contexto real de intervención. Así o considera a maioría de alumnado enquisado, que valora moi positivamente este período para o seu proceso de aprendizaxe, en liña co establecido noutros estudos (González, 2006; Morales, 2013).

O Practicum organízase en torno a tres momentos, sendo todos eles fundamentais para un bo funcionamento da materia. Ao respecto, o alumnado amósase maioritariamente satisfeito, tanto coa información recibida na fase preparatoria, como coa estadia de prácticas e as institucións nas que tiveron a oportunidade de participar. Con todo, consideran que o tempo de realización do Practicum non resulta adecuado e debería ser maior, ao igual que sostén o alumnado noutros estudos (González, 2006).

Para garantir un bo seguimento do Practicum, resulta fundamental tanto o labor desenvolvido polo titor/a do centro de prácticas, que acompaña e guía ao estudante durante este período, como o do supervisor/a da Facultade; ambos valorados positivamente polo alumnado.

Na maioría dos casos, considérase o Practicum como unha oportunidade para a análise das accións levadas a cabo nun contexto real de traballo e o desenvolvemento dunha actitude favorable aos cambios derivados de situacións profesionais e de reflexión respecto dos coñecementos adquiridos ao longo da titulación.

Referencias bibliográficas

- Bas, E. (2005). El Practicum en las titulaciones de Pedagogía y Educación Social: entre el discurso y sus prácticas. *Educatio*, 23, 191-206.
- Corbetta, P. (2007). *Metodología y técnicas de investigación social*. Madrid: McGraw Hill/Interamericana de España.
- García, S. M^a, González, R. y Martín-Cuadrado, A. M^a (2016). Influencia de las prácticas en el desarrollo de la identidad profesional de los estudiantes de educación social. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 28, 245-259.
- González, M. y Fuentes, E. J. (2011). El Practicum en el aprendizaje de la profesión docente. *Revista de Educación*, 354, 47-70.
- González, N. (2006). Evaluación y mejora del Practicum en las titulaciones de Ciencias de la Educación de la UPV/EHU. *Revista de Psicodidáctica*, 11 (1), 145-157.
- Hernández, R., Fernández, C. y Baptista, P. (2007). *Fundamentos de metodología de la investigación*. México: McGraw-Hill/Interamericana Editores.
- Morales, S. (2010). El Practicum en Educación Social: El portafolio como instrumento de seguimiento y

- evaluación del aprendizaje de los alumnos. *Revista de Docencia e Investigación*, 20, 33-58.
- Morales, S. (2013). Evaluando el practicum en Educación Social: acciones de mejora ante la puesta en práctica de los nuevos grados. *Revista de Docencia Universitaria*, 11 (1), 349-364.
- Ordeñana, M^a B., Darretxe, L. y Beloki, N. (2016). Innovando el Practicum en educación social: experiencia de trabajo colaborativo a partir de sus protagonistas. *Revista Iberoamericana de Educación Superior*, 7 (20), 114-134.
- Pereira, C. y Solé, J. (2013). La cualificación profesional en educación social. El papel del Practicum. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 21, 237-258.
- Serrano, R. (2017). Diferencias entre expectativas y logros en las competencias del Practicum del Máster de Formación del Profesorado de Enseñanza Secundaria. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 20 (1), 1-18.
- Tejada, J. (2005). El trabajo por competencias en el Practicum: cómo organizarlo y cómo evaluarlo. *Revista Electrónica de Investigación Educativa*, 7 (2), 1-31. Recuperado de: <http://www.scielo.org.mx/pdf/redie/v7n2/v7n2a13.pdf>
- Zabalza, M.A. (2011). El Practicum en la formación universitaria: estado de la cuestión. *Revista de Educación*, 354, 21-43.